

CONVOCATORIA DE ASAMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA ASOCIACIÓN DESCONCIERTO CULTURAL

En Sanxenxo, 6 de setembro de 2012.

Por medio da presente, en calidade de Presidente da Asociación Desconcierto Cultural convócoo á Asamble Xeral que terá lugar o vindeiro luns 24 de setembro no Cachán Clube (Rúa Loureiros, 16, Santiago de Compostela), ás 19:30 horas en primeira convocatoria co obxecto de tratar os seguintes puntos do día:

1. Modificación da operativa na organización de concertos: aportacións individuais dos socios e de Desconcierto Cultural.
2. Festa do Samain: propostas, orzamento.
2. Festa Aniversario: propostas, datas, orzamento.
3. Romaría Pop: avance.
4. Desconcierto.com: matemento da web, tanto no apartado técnico como de contidos.
5. Inversión en equipo para a celebración de concertos.
6. Aprobación cota de asociados 2013.
7. IVE: posibilidade de modificación do réxime fiscal da Asociación.
8. Elección dos cargos de Presidente e Vicepresidente.
9. Modificación de estatutos:
 - i) Sistema de delegación de voto.
 - ii) Modificación dos artigos:

Artigo 8. 1-2 "*A condición de asociado pérdese: Por falta de pago de 4 cotas.*". Actualmente págase unha cota anual, polo que si tomásemos este artigo ao pé da letra, ningún socio perdería a súa condición de asociado ata pasados 4 anos, polo que sería convinte actualizar esta artigo co fin de adecualo ao noso funcionamento.

Artigo 8. 2 "*A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.*" Adaptación deste artigo en función da redacción final do artigo anterior.

10. Rogos e preguntas.

O Presidente de Desconcierto Cultural:



Manuel Suárez Otero